



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente: 858/2023

Asunto: Avocación de competencia para declaración de excluídos e proposta de adxudicación da licitación para a execución dos proxectos de instalacións fotovoltaicas de autoconsumo na Piscina Municipal (Lote 1) e na Casa Consistorial (Lote 2) de Porto do Son, mediante a súa división en lotes, financiados con cargo ás axudas concedidas polo INEGA, financiadas no MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA - FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)(códigos de procedemento IN422J e IN422K)

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21.04.2023 acórdase na súa parte dispositiva o seguinte:

“Primeiro. Incoar o correspondente expediente administrativo de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación e tramitación ordinaria do suministro e instalación de fotovoltaicas para a Piscina municipal e a Casa do concello de Porto do Son de conformidade cos proxectos técnicos presentados no concello en data de 10/04/2023 (R.E. nº 788), actuación financiada mediante Resolución da Axencia Instituto Enerxético de Galicia de 28 de outubro de 2021 (DOG nº 215 de 09/11/2021) pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e ao terceiro sector no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422J e IN422K).

Segundo: Incorporar ao expediente a seguinte documentación:

- Proxectos técnicos presentados en data de 10/04/2023 que actuarán como PPT.
- PCAP reguladores do contrato.
- Certificado de existencia de crédito pola intervención municipal para levar a cabo a correspondente actuación.

Terceiro: Efectuado o anterior, someterase o expediente á informe previo de secretaria e fiscalización da intervención municipal, e como paso previo á súa remisión ao PREMADECOR.

Cuarto: Realizadas as actuacións anteriores, e coas consideracións que no seu caso estime oportuno facer o Comité Anti fraude , traerase o expediente á XGL aos efectos da súa aprobación e publicación da oportuna licitación.”

Visto o Decreto de Alcaldía núm. 2023-538, do 22.05.2023, que na súa parte dispositiva sinala:

Primeiro. Avocar, en aplicación do previsto no artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, a competencia para a adoptar o presente acordo por razón de urxencia en atención aos perentorios prazos de xustificación da subvención ante a Xunta de Galicia e en consideración ao tempo transcorrido dende o inicio da súa tramitación por mor da remisión á Deputación da Coruña, declarando





urxente a tramitación do expediente en aplicación do previsto no artigo 50 do Real Decreto Lei 36/2020, de 30 de decembro, agás o prazo de presentación de proposicións, que conforme ao citado artigo, seguirá sendo de 15 días naturais.

Segundo. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con múltiples criterios de adjudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) para a execución dos proxectos de instalacións fotovoltaicas de autoconsumo na Piscina Municipal (Lote 1) e na Casa Consistorial (Lote 2) de Porto do Son, mediante a súa división en lotes, financiados con cargo ás axudas concedidas polo INEGA, financiadas no **MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)**(códigos de procedemento IN422J e IN422K)

Terceiro. Autorizar o gasto por importe de:

LOTE Nº 1: INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NA PISCINA MUNICIPAL DE PORTO DO SON: por importe de 37.207,50 € (30.750,00 €+ 6.457,50 € en concepto de iva).

LOTE Nº 2: INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE PORTO DO SON por importe de : 13.370,50 € (11.050,00 € + €2.320,50 € en concepto de iva)

Aplicacións orzamentarias orzamento municipal ano 2023 : 342.63200

: 920.63200

Cuarto. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares Definitivos que de seguido se anexan ao presente decreto e os Proxecto técnicos que actúan de Pregos de Prescricións Técnicas que obran no expediente 857/2023.

Quinto. Publicar o anuncio de licitación na plataforma de licitación do sector público.

Sexto. - Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

Sétimo: Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre.”

Vista a tramitación levada a cabo a través da plataforma de contratación do Sector Público, vía electrónica ao abeiro do disposto nos artigos 156 a 158 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistas as actas das Mesas de contratación de data 08.06.2023, 16.06.2023, 27.06.2023 e 04.07.2023.

Visto o disposto no artigo 149.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, relativo ás ofertas anormalmente baixas:





“6. La mesa de contratación, o en su defecto, el órgano de contratación evaluará toda la información y documentación proporcionada por el licitador en plazo y, en el caso de que se trate de la mesa de contratación, elevará de forma motivada la correspondiente propuesta de aceptación o rechazo al órgano de contratación. En ningún caso se acordará la aceptación de una oferta sin que la propuesta de la mesa de contratación en este sentido esté debidamente motivada.

Si el órgano de contratación, considerando la justificación efectuada por el licitador y los informes mencionados en el apartado cuatro, estimase que la información recabada no explica satisfactoriamente el bajo nivel de los precios o costes propuestos por el licitador y que, por lo tanto, la oferta no puede ser cumplida como consecuencia de la inclusión de valores anormales, la excluirá de la clasificación y acordará la adjudicación a favor de la mejor oferta, de acuerdo con el orden en que hayan sido clasificadas conforme a lo señalado en el apartado 1 del artículo 150. En general se rechazarán las ofertas incursas en presunción de anormalidad si están basadas en hipótesis o prácticas inadecuadas desde una perspectiva técnica, económica o jurídica.”

Visto o disposto no artigo 150.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, relativo á proposta de adxudicación:

“2. Una vez aceptada la propuesta de la mesa por el órgano de contratación, los servicios correspondientes requerirán al licitador que haya presentado la mejor oferta, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 145 para que, dentro del plazo de diez días hábiles, a contar desde el siguiente a aquel en que hubiera recibido el requerimiento, presente la documentación justificativa de las circunstancias a las que se refieren las letras a) a c) del apartado 1 del artículo 140 si no se hubiera aportado con anterioridad, tanto del licitador como de aquellas otras empresas a cuyas capacidades se recurra, sin perjuicio de lo establecido en el segundo párrafo del apartado 3 del citado artículo; de disponer efectivamente de los medios que se hubiese comprometido a dedicar o adscribir a la ejecución del contrato conforme al artículo 76.2; y de haber constituido la garantía definitiva que sea procedente. Los correspondientes certificados podrán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos o telemáticos, salvo que se establezca otra cosa en los pliegos.

De no cumplimentarse adecuadamente el requerimiento en el plazo señalado, se entenderá que el licitador ha retirado su oferta, procediéndose a exigirle el importe del 3 por ciento del presupuesto base de licitación, IVA excluido, en concepto de penalidad, que se hará efectivo en primer lugar contra la garantía provisional, si se hubiera constituido, sin perjuicio de lo establecido en la letra a) del apartado 2 del artículo 71.

En el supuesto señalado en el párrafo anterior, se procederá a recabar la misma documentación al licitador siguiente, por el orden en que hayan quedado clasificadas las ofertas.”

Logo de ver o disposto no art. 157 da lei 9/2017, a DA II do citado texto normativo, e de conformidade coas competencias delegadas na XGL mediante resolución de alcaldía nº 544/2019 de 1 de xullo (BOP nº °133 de 16 de xullo de 2019) modificada por resolución nº 802/2022, de 28 de xullo (BOP nº 154 de 2 de agosto de 2022) pola que se delega na Xunta de Goberno Local a competencia para “10. As competencias en contratación respecto dos contratos de toda clase cando





o seu valor estimado exceda de 50.000 euros, tratándose de contratos de obra, e de 20.000 euros, para os restantes”, no presente contrato atopámonos no presente suposto.

Conforme ao artigo 10.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público que establece que “1. *Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de uno o varios asuntos cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente*”, no caso concreto xustificase a avocación da competencia da Xunta de Goberno Local en atención aos prazos de execución e xustificación dos recursos que financian a contratación.

Por canto antecede, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar en aplicación do previsto no artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, a competencia para adoptar o presente acordo por razón da urxencia en atención aos perentorios prazos de xustificación da subvención, así como en atención aos prazos de execución do presente contrato.

Segundo.- Declarar excluídos do procedemento de contratación aos seguintes licitadores cuxas ofertas estaban incursas en presunción de anormalidade, por non ter presentada xustificación algunha da incursión en baixa temeraria:

- NIF: B21479696 IMAS ENERGIA RENOVABLES, S.L.: LOTE 1
- NIF: B70003199 MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE, S.L.: LOTE 1 E LOTE 2.

Terceiro.- Propoñer a adxudicación do contrato de “Suministro e instalación de placas fotovoltaicas para autoconsumo en la piscina municipal (lote 1) y en la casa consistorial del ayuntamiento (lote 2) de Porto do Son”, expediente 858/2023, aos seguintes licitadores por ser as mellores ofertas para o Concello e cumprir os requisitos marcados nos pregos de cláusulas administrativas particulares de acordo coa clasificación efectuada pola Mesa de Contratación:

- **LOTE 1: Suministro e instalación de placas fotovoltaicas para autoconsumo en la piscina municipal, a la empresa con CIF: B15292220 MIYARES ELECTRICIDAD,S.L.**
- **LOTE 2: Suministro e instalación de placas fotovoltaicas para autoconsumo en la casa consistorial del ayuntamiento de Porto do Son, a la empresa con CIF: B15292220 MIYARES ELECTRICIDAD,S.L.**

Cuarto.- Requerir ás seguintes empresas para que de conformidade co disposto no artigo 150.2 e 119.2.b da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e na cláusula 14 dos PCAP, ao licitador que presentou a mellor oferta, para que dentro do prazo de **cinco días hábiles (redúcese á metade o establecido nos PCAP ao ser a tramitación urxente)**, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, para que presente, por medios electrónicos e con firma electrónica a documentación que se describe na referida cláusula 14 dos PCAP, así como





os certificados e demais documentación técnica que se comprometeu a aportar coa presentación do ANEXO N° 4 dos PCAP:

- **LOTE 1: Suministro e instalación de placas fotovoltaicas para autoconsumo en la piscina municipal, a la empresa con CIF: B15292220 MIYARES ELECTRICIDAD,S.L.**
- **LOTE 2: Suministro e instalación de placas fotovoltaicas para autoconsumo en la casa consistorial del ayuntamiento de Porto do Son, a la empresa con CIF: B15292220 MIYARES ELECTRICIDAD,S.L.**

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a solicitar a mesma documentación ao seguinte licitador, pola orde na que quedaron clasificadas as ofertas.

Asinado en Porto do Son por medios electrónicos polo alcalde en funcións, José Luis Oujo Pouso, do que eu, Mónica Pichel García, como secretaria, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).

